

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

Asunto

Obras de excavación arqueolóxica e restauración do Castelo de A Rocha Forte (Santiago de Compostela) - Prego Prescricións Técnicas

PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS PARA A REALIZACIÓN DA ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA E RESTAURACIÓN DO CASTELO DE A ROCHA FORTE (SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA)

O presente Prego de Prescricións Técnicas, reúne todas as normas a seguir para a realización dos traballos dos que é obxecto o presente contrato.

Este prego, conxuntamente co proxecto arqueolóxico que desenvolva a proposta de intervención, así como as posibles modificacións que se estipulen sobre a propia marcha dos traballos, por parte do departamento de arqueoloxía municipal e/ou pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, será a base para a execución dos traballos de escavación arqueolóxica e restauración do castelo de A Rocha Forte (Santiago de Compostela, A Coruña). O proxecto arqueolóxico deberá ser aprobado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

As presentes condicións serán de obrigado cumprimento polo adxudicatario dos traballos, quen deberá facer constar que as coñece e se compromete a executalas axeitadamente.

O incumprimento dalgunhas das condicións do presente Prego de Prescricións Técnicas sen autorización expresa da Sección Municipal de Arqueoloxía e/ou da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, suporá a resolución do contrato.

1. Fundamentos de dereito específicos en materia de arqueoloxía

- Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade e arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Xustificación

O Castelo da Rocha Forte está situado no extremo S do concello de Santiago de Compostela, a uns 3 km ao SW do seu centro histórico.

A primeira referencia documental coñecida da fortaleza data do ano 1255 e está incluída nas Constitucións capitulares do arcebispo D. Juan Arias. O castelo acadará un grande esplendor durante o seu pontificado.

Ademais do seu uso como pazo residencial arcebispal, a fortaleza tivo un papel fundamental no control militar e fiscal dos accesos e saídas da cidade polo SW.

A fortaleza foi utilizada coma imaxe de poder e instrumento de control da cidade por parte do señor eclesiástico. Ao longo da súa historia, será asediada en varias ocasións, durante as loitas entre o poder burgués e a nobreza laica contra o poder arcebispal. A fortificación da Rocha Forte será demolida no ano 1466, durante as revoltas Irmandiñas.

O castelo ten planta cadrada, con catro torres circulares de cantería nas esquinas e unha superficie de aproximadamente, 3500 m². A entrada, situada ao oeste, está reforzada por dous torreóns. Rodeando a muralla principal érguese a barbacá. Dous muros transversais á barbacá interrompen a liza e unen a barbacá cun torreón circular. Nas inmediacións do torreón S localízanse canles e pozos de abastecemento de auga.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONXI0B9	CON/24/2013	04-04-13 11:07

Entre os anos 2001 e 2009, realizáronse ata un total de 6 actuacións arqueolóxicas no xacemento, centradas, fundamentalmente, na escavación e restauración das murallas e liza nos sectores SW e SE.

As actuacións que se programan agora, enmárcanse no proxecto de acondicionamento e valorización do castelo de A Rocha, subvencionado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. O programa completo do proxecto inclúe as seguintes actuacións:

1. Traballos de acondicionamento previo
Roza e desbroce
Retirada de torreta eléctrica situada sobre a muralla Valado do xacemento
2. Estudo, escavación e restauración
Estudo de documentación histórica
Escavación arqueolóxica, restauración e estudo do xacemento
3. Acondicionamento e posta en valor do xacemento
Anteprojecto para acondicionamento do castelo
Deseño e instalación de paneis informativos exteriores
Valado definitivo
Publicación
Páxina web
4. Topografía e fotografía aérea
Levantamento topográfico
Voo e fotografía aérea
5. Coordinación das actuacións
Coordinación das actuacións

O presente prego técnico establece as premisas, condicións e criterios para o desenvolvemento da actuación de escavación, restauración e estudo do Castelo da Rocha. Os medios técnicos ou o cadro de persoal implicado nesta intervención, son de tal magnitude, que excede a dispoñibilidade deste concello, polo que resulta imprescindible a súa contratación.

3. Finalidade do contrato

A finalidade deste contrato é a contratación da escavación, restauración e estudo do castelo de A Rocha Forte.

4. Obxectivos

O proxecto subvencionado contempla, como obxectivo último, o acondicionamento e valorización do castelo de A Rocha. Atendendo a este obxectivo finalista e partindo dos resultados das intervencións anteriores, deséñase un programa de actuación que pretende descubrir, restaurar e estudar o recinto intramuros da fortaleza, incluíndo os sectores das murallas que aínda restan por exhumar.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

Se ben se pretende a escavación da maior parte posible deste ámbito, resulta necesario delimitar unha/s área/s de reserva arqueolóxica. Deberase garantir a protección e integración no xacemento desta área de reserva arqueolóxica. Para elo será necesario definir ditos criterios durante o proceso de escavación, debendo encargarse o adxudicatario das tarefas e gastos emanados do tapado, consolidación e integración de dita área.

A restauración incluírá o tratamento das estruturas xa visibles así como das que se descubran ao longo das intervencións.

Estas actuacións pormenorizaranse polo miúdo no proxecto de intervención a redactar polo adxudicatario do contrato e nas xuntanzas de coordinación que o adxudicatario deberá manter coa Sección Municipal de Arqueoloxía e no ámbito das súas competencias, coa Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A análise e interpretación dos resultados e datos procedentes da intervención arqueolóxica xunto coa información derivada de actuacións anteriores, deberán integrarse non Estudo final do castelo.

5. Ámbito dos traballos

O espazo obxecto da intervención correspóndese co recinto intramuros e perímetro de murallas do castelo, tal e como se representa no plano anexo.

6. Actuacións a desenvolver

Tal e como se sinala no apartado 4 deste prego, a intervención obxecto do contrato inclúe a execución dos seguintes traballos:

6.1. Escavación e estudo

- Escavación con metodoloxía arqueolóxica do recinto intramuros, muralla, liza e antemuralla (ver plano anexo).
- Deberase realizar a escavación íntegra do espazo intramuros, deixando un área de reserva arqueolóxica formada por unha banda de 6 metros de anchura, extensible á zona externa de muralla, paralela ao peche externo da liña de ferrocarril. Durante a intervención arqueolóxica, poderase decidir, por parte da Sección Municipal de Arqueoloxía e/ou a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, a pertinencia de deixar algúns sectores a maiores en función dos resultados acadados. Deberán adoptarse as medidas necesarias para garantir a integridade, protección e integración, das áreas de reserva no castelo.
- Efectuarase a escavación no sector de acceso á fortaleza así como na área contigua, aberta en anos anteriores. Consistirán os traballos na escavación do acceso ao castelo situado no centro da muralla NW, coa limpeza, documentación, acondicionamento e protección, tanto do treito de muralla coma demais estruturas, localizados entre o acceso ao castelo e a torre W.
- Escavación dos estratos apoiados na face externa da torre W, conectando as áreas xa escavadas en anteriores campañas.
- Escavación dos estratos apoiados nos lenzos das dúas liñas de muralla localizadas no cadrante NW do recinto extramuros. A escavación neste sector non poderá exceder do camiño existente, sendo obrigada a súa preservación para o tránsito peonil. O límite externo de escavación neste sector virá marcado pola prolongación da liña do perfil existente na parte S do sector, escavado en anteriores campañas. Será necesario realizar a limpeza, documentación, acondicionamento e protección, tanto dos treitos de muralla e demais estruturas, coma dos perfís estratigráficos visibles. Así mesmo será necesario, preservar o sistema existente de canalización e evacuación de augas, debéndose dar solución adecuada, coordinada coa Sección Municipal de Arqueoloxía e/ou a Dirección

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

Xeral do Patrimonio Cultural, á saída de augas procedente da parte N do sector, unha vez escavado.

- Escavación, limpeza e restauración da liza, proporcionándolle continuidade.
- Levantamento e traslado a vertedoiro autorizado da cimentación da zapata da torreta eléctrica, unha vez esta sexa retirada pola compañía eléctrica.
- Retirada das terras e demais acopios procedentes da escavación, así como entullos existentes, a vertedoiro autorizado. Ditos traballos deberán ser desenvolvidos por parte de empresa autorizada neste tipo de actividades, cumprindo cos requisitos e permisos necesarios, acordos coa legalidade vixente.
- Rexistro da intervención: debuxo arqueolóxico a escala xeral e de detalle, así coma outros procedementos estandarizados.
- Como parte fundamental da intervención, plantéxase a obrigatoriedade de realizar a análise e lectura estratigráfica, tanto das estruturas xa exhumadas, como das estruturas que se descubran ao longo da intervención.
- Recollida e procesado de mostras para analíticas, datacións, ou outro tipo de tratamento, que se consideren necesarias e/ou complementen a investigación. O adxudicatario do contrato asumirá os seus custos e xestión, debéndose entregar os resultados das mesmas.
- Estudo exhaustivo e tratamento dos materiais arqueolóxicos recuperados no transcurso da intervención. Consistirán estes traballos no lavado, siglado, identificación, clasificación tecnopolóxica e estudo, relacionándose coas tradicións e producións ás cales pertencen. Así mesmo será necesario realizar o debuxo e fotografado daqueles materiais máis representativos e característicos de ditas producións e aqueles especialmente singulares. Dito estudo acompañarase dun soporte dixital co estudo, bases de datos, debuxos dixitalizados e fotografías realizados. Así mesmo será obrigatorio efectuar os traballos necesarios de restauración, tratamento e consolidación do material arqueolóxico, así coma o depósito dos mesmos, debidamente contextualizados, no Museo que se designe na concesión do permiso.

6.2. Consolidación e restauración

- Consolidación, limpeza e restauración tanto das estruturas xa exhumadas como daquelas que aparezan no transcurso desta intervención. A restauración destes elementos deberá realizarse cos mesmos criterios, metodoloxía e materiais empregados no xacemento durante a campaña de 2009.
- Rexistro das obras de consolidación e restauración: debuxo arqueolóxico dos elementos orixinais, debuxo das partes novas restituídas e outros procedementos estandarizados no protocolo de consolidacións arqueolóxicas.
- Tratamento e restauración dos materiais mobles que, polo seu estado de conservación, así o precisen, independentemente da súa morfoloxía, material ou características.
- Deberase realizar unha proposta técnica relativa á consolidación e protección dos perfís estratigráficos existentes e resultantes dos traballos de escavación. O arquitecto técnico ou superior, coordinador do Plan de Seguridade e Saúde, será o responsable, en cuestións de seguridade, dos traballos de consolidación de estruturas e perfís estratigráficos.

6.3. Sinalización

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

- Colocación dun cartel na zona de acceso ao xacemento coa información relativa á intervención e á financiación do proxecto. O concello proporcionará os logos e datos necesarios.

6.4. Estudo do xacemento

- Os resultados da intervención, a súa análise e conclusións, serán recollidos en Informes periódicos e nunha Memoria final.

Todas estas actuacións pormenorizaranse máis polo miúdo nas reunións de coordinación que o adxudicatario deberá manter coa Sección Municipal de Arqueoloxía e/ou co técnico coordinador designado polo Concello.

7. Criterios de intervención

7.1. Metodoloxía

Dende o punto de vista técnico e metodolóxico, e tendo en conta o carácter e a natureza do xacemento arqueolóxico sobre o que se intervén, teranse en conta as seguintes condicións:

- A metodoloxía a aplicar nesta intervención é a escavación arqueolóxica en área, seguindo o sistema de rexistro ideado por Harris e Carandini, ou algunhas das súas derivacións e actualizacións.
- Identificaranse, numeraranse e documentaranse todos os elementos estratigráficos diferenciados (estratos, interfaces e estruturas), presentándose na proposta modelo de fichas de rexistro de unidades estratigráficas a utilizar na intervención.
- Cada elemento estratigráfico será numerado e as súas características, descrición e interpretación recollidas nunha ficha de identificación e rexistro individual, presentándose copia dixital das mesmas. Todas as unidades estratigráficas deberán relacionarse nunha secuencia cronoestratigráfica global.
- Realizarase a lectura estratigráfica e representación gráfica de paramentos. Para o estudo dos paramentos será necesaria a identificación, numeración e documentación dos mesmos (así como das interfaces diferenciados), que serán numerados e as súas características, descrición e interpretación recollidas nunha ficha de identificación e rexistro individual, presentándose copia dixital das mesmas. Os paramentos e interfaces asociados, deberán relacionarse na secuencia cronoestratigráfica global e representarse planimétrica e fotograficamente.
- Procederase á recollida dos obxectos móbiles, que deberán individualizarse por unidades estratigráficas e embalar axeitadamente, como medida preventiva.
- Efectuarase a recollida e selección do material de construción e pezas pétreas procedentes do castelo, localizados tanto no interior, como nas súas inmediacións, co fin de poder reutilizar para a restauración, aquelas que carezan de elementos singulares (decoracións, molduras, marcas, pezas de balística, etc). As pezas que presenten características especiais ou sexan elementos singulares, localizadas tanto na zona de intervención como no contorno próximo e as depositadas provisionalmente na parcela propiedade do presidente da Asociación de Veciños, deberán ser clasificadas, inventariadas, recollidas e trasladadas cos medios que garantan suficientemente a súa integridade, ao centro que designe a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Puntualmente poderá solicitarse o mantemento dalgunhas pezas pétreas no interior do xacemento, segundo proposta da Sección Municipal de Arqueoloxía e/ou á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

- Documentaranse exhaustivamente os restos arqueolóxicos inmoables aparecidos, tanto a nivel escrito como gráfico (topografía, debuxo, fotografía e vídeo), tanto de plantas, coma de seccións e alzados.
- O sistema de rexistro permitirá o tratamento informático da información e unha xestión eficiente da mesma. Realizarase unha indicación expresa do sistema de fichas de rexistro a empregar e metodoloxía (unidades estratigráficas, materiais, debuxos, planimetría, toma de mostras, rexistro fotográfico, etc).
- Previamente ao inicio da actuación, realizaranse as xuntanzas e postas en común que se consideren necesarias, entre o persoal técnico encargado do rexistro planimétrico e topográfico designado polo adxudicatario, o coordinador dos traballos e os técnicos da oficina de SIG e información cartográfica do Concello de Santiago de Compostela, a fin de establecer criterios metodolóxicos e de rexistro (estacionamento a partires de puntos base, designación de códigos, capas, etc) que permitan a compatibilización da información xerada, por parte do equipo encargado do rexistro cartográfico e fotografía aérea.
- Procederáse á recollida dos obxectos móbiles, que deberán individualizarse por unidades estratigráficas e embalar axeitadamente para a súa remisión ao Museo depositario. Deberán tratarse e restaurarse, previamente ao seu traslado ao Museo, as pezas arqueolóxicas en estado de conservación deficiente, susceptibles de ser recompostas e aquelas que esixan de tratamento de urxencia que garanta a súa preservación no futuro.
- A consolidación e restauración das estruturas deberá facerse seguindo criterios de reversibilidade e evitando adicións miméticas. Na súa execución, adoptaranse as premisas, metodoloxía e materiais xa empregados na última consolidación realizada no xacemento (campana 2009).
- Todo o proceso de consolidación terá que quedar documentado fotograficamente e mediante planos de planta, alzado e sección que reflectan as diferenzas entre o estado inicial e o estado final.
- Os traballos de restauración comprenderán, tamén, os obxectos móbiles procedentes da intervención, que se atopan en mal estado.
- En calquera caso e para unha mellor definición da actuación, o adxudicatario fará constar no proxecto definitivo a proposta detallada de consolidación, de acordo cos criterios específicos que se establezan en coordinación coa Sección Municipal de Arqueoloxía e/ou coa Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

7.2. Sistema de recollida de datos e documentación

a. Documentación planimétrica

Polo que atinxe á documentación planimétrica teranse en conta os seguintes aspectos:

- Faranse planos topográficos xerais de resultados da intervención. Os planos de referencia incorporarán o suficiente número de indicadores de cotas dos elementos intervidos. O sistema de cotas será en tódolos casos referido a un plano único para todo o xacemento.
- A escala para os planos de emprazamento serán 1:5.000 e 1:1.000.
- Para as plantas xerais de intervención empregárase a escala 1:100 e 1:50.
- A escala base para os planos parciais e rexistro gráfico será de 1:20, debéndose empregar a escala 1:10 naquelas zonas onde a importancia dos restos así o requira.
- Presentarase planta, sección e alzado de todas as estruturas nas que se actúe.
- Todas as unidades estratigráficas debuxaranse e situaranse en plantas acoutadas.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

- Para cada debuxo indicaranse os seguintes datos: nome do xacemento, código da intervención, sector, área ou ámbito se é o caso, unidades estratigráficas representadas e cotas absolutas sobre o nivel do mar.
- Toda a documentación planimétrica elaborada terá que ser entregada en soporte informático dixitalizado, xuntando copia impresa.

b. Documentación fotográfica

- Deberán fotografarse todas as unidades estratigráficas da intervención.
- Faranse fotografías de detalle dos elementos máis representativos.
- A fotografía en soporte dixital seguirá as especificacións contidas noutros apartados deste Prego.
- En calquera caso presentarse copia de todas as imaxes en soporte informático.
- Acompañarase unha listaxe e documento índice das fotografías.

c. Mostras para analíticas

- Recolleranse mostras de elementos procedentes da actuación para a realización de análises que aporten coñecemento científico. O adxudicatario do contrato asumirá os seus custos, debendo entregarse toda a documentación relativa ao procesado, estudo e resultados obtidos sobre as mesmas (datos de localización, tratamentos, informes das analíticas efectuadas con copia dos documentos orixinais, etc).

7.3. Materiais arqueolóxicos

a. Tratamento dos materiais mobles

En relación co tratamento dos materiais recuperados na actuación teranse en conta os seguintes aspectos:

- Os materiais arqueolóxicos en peor estado de conservación e aqueles cuxa preservación esixa de tratamentos específicos urxentes, deberán ser tratados e restaurarse, previamente ao seu traslado ao Museo.
- Os obxectos individualizaranse por UE en bolsas diferenciadas en virtude do tamaño, material, fragilidade, singularidade, etc.
- Cada bolsa ou caixa portará a súa identificación básica: nome do xacemento, código de intervención, sector ou área, UE, tipo de material e produción.
- A cerámica gardarase en bolsas de plástico de diversas medidas e estas en caixas herméticas.
- O material construtivo cuantificarase na propia escavación e tan só será gardada unha mostra significativa, ou aquelas pezas que amosen singularidade.
- O metal, o vidro e a materia orgánica traballada, individualizarase peza a peza dentro de caixas de tapa hermética e estas dentro de recipientes herméticos de plástico do tipo tuperware ou similar.
- A totalidade do traballo de conservación-restauración realizado de xeito preventivo e previo ao ingreso da peza no Museo, terá que ser axeitadamente documentado, inventario e siglado.

b. Inventario e siglado dos materiais

- Deberá inventariarse a totalidade do material recuperado na actuación arqueolóxica.
- Todas as pezas e restos deberán ir convenientemente siglados, indicando, cando menos, o número de código, a referencia estratigráfica e o número da peza.
- O siglado farase con tinta china sobre unha cartela de resina acrílica, tipo paraloid ou similar.
- Entregarase unha copia en soporte informático e unha copia impresa en papel.
- No inventario especificarase o material que foi debuxado, fotografado e/ou restaurado.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

c. Almacenaxe definitivo do material arqueolóxico

- Unha vez inventariado e siglado, o material arqueolóxico gardarase para o seu almacenamento definitivo.
- A cerámica gardarase por UE, e dentro desta, por producións e tipos cerámicos. Separaranse en bolsas diferenciadas as formas dos fragmentos indeterminados.
- Se algunhas UE's non proporcionasen demasiado material, poderán ser gardadas as bolsas correspondentes nunha mesma caixa, indicándoo na etiqueta.
- Os metais, o vidro e a materia orgánica, gardaranse en contedores de plástico herméticos, tipo tuperware, garantindo as condicións de conservación necesarias para cada un deles.
- Os materiais que deban ser restaurados individualizaranse.
- Os materiais debuxados e que formen parte do catálogo da memoria definitiva, individualizaranse en caixas separadas, ao obxecto de que poidan ingresar nos fondos do museo preceptivo cunha identificación propia.
- O material arqueolóxico recuperado, unha vez clasificado, inventariado e siglado, depositarase no Museo que determine a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na resolución pola que se autoriza a intervención arqueolóxica.

Todos os procedementos relativos ao tratamento dos materias que teñan que depositarse no Museo deberán tratarse e coordinarse polo adxudicatario, xuntamente cos técnicos responsables da institución museística, por se algunha das directrices deste apartado precisase modificacións como consecuencia do propio funcionamento interno da institución. Prestarase especial atención ao referido a cuestións de embalaxe, tratamento de materiais orgánicos ou fráxiles e condicións do depósito.

8. Equipo de traballo

Sen prexuízo das demais condicións que conteña o prego de cláusulas administrativas particulares, o equipo de traballo incluirá, de xeito obrigado e como mínimo, do seguinte persoal:

- 1 arqueólogo/a director/a do proxecto de escavación, acondicionamento e estudo.
- 1 restaurador/a director/a, responsable dos traballos de restauración e consolidación.
- 1 arqueólogo/a axudante de dirección.
- 3 técnicos/as arqueólogos/as encargados da coordinación de persoal e do rexistro en campo.
- 2 técnicos/as arqueólogos/as encargados do tratamento, procesado e estudo do material arqueolóxico.
- 3 técnicos/as restauradores/as.
- 1 arquitecto/a técnico/a ou superior, coordinador do Plan de Seguridade e Saúde. Esta figura será a responsable, en materia de seguridade, durante a realización dos traballos de consolidación de estruturas, perfís estratigráficos e noiros.
- 1 historiador/a, coa especialidade en historia medieval, asesor da intervención ou formando parte da equipa de dirección. Deberase especificar o xeito de articulación da súa figura dentro do programa de traballo.
- 12 traballadores pertencentes ao persoal de apoio (Grupo III do Convenio de Arqueoloxía) e/ou operarios de oficios especializados (canteiros, oficiais, etc).

O equipo, atendendo ás características do traballo, avaliarase nos termos establecidos no Prego de cláusulas administrativas particulares atendendo aos criterios aí expostos. Deberase adxuntar compulsada, copia da documentación que permita acreditar a solvencia e experiencia dos profesionais propostos, coma parte integrante do equipo. Así mesmo, considérase necesario incluír na proposta o equipo encargado do traballo de gabinete e laboratorio.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

9. Proposta de intervención

Para a avaliación das distintas ofertas, os licitadores describirán con detalle a totalidade dos procesos de traballo a realizar no xacemento recollendo, necesariamente, os seguintes aspectos:

9.1. Proposta técnica

Elaborarase unha memoria explicativa na que se desenvolva de maneira pormenorizada a proposta, dando unha resposta acaída aos seguintes apartados e de acordo coas prescricións contidas neste prego. Para a redacción da proposta facilitarase aos equipos a consulta da documentación relativa ás actuacións arqueolóxicas desenvolvidas no xacemento, depositada na Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación do Concello de Santiago de Compostela.

- Contexto da actuación e valoración científica da mesma.
- Metodoloxía de traballo, describíndoa con detalle e razoando os criterios empregados para a súa elección.
- Sectores a intervir con indicación da superficie a ocupar para cada un deles e xustificación técnica do seu emprazamento.
- Plan global da actuación, indicando a organización dos diferentes traballos, así como o persoal técnico e de apoio, dedicado a cada unha das tarefas definidas, a cualificación profesional e *curriculum*.
- Metodoloxía de traballo e procedemento para cada unha das fases, describíndoas con detalle e razoando os criterios empregados para a súa elección.
- Definición do sistema de rexistro arqueolóxico a empregar, con indicación do sistema de fichas de rexistro e metodoloxía (unidades estratigráficas, materiais, debuxos, toma de mostras, fotografías, bases de datos, etc).
- Definición do sistema de consolidación: criterios, materias consolidantes e elemento diferenciador.
- Proposta relativa á consolidación e protección dos perfís estratigráficos e noiros existentes e resultantes dos traballos de escavación.
- Proposta de analíticas a efectuar e xustificación dos obxectivos que se pretenden acadar coas mesmas.
- Proposta de deseño do elemento sinalizador do xacemento arqueolóxico.
- Proposta de debuxo de estruturas e materiais arqueolóxicos.
- Relación detallada dos medios técnicos adscritos ao proxecto indicando as características básicas dos mesmos, incluíndo os soportes informáticos.
- Relación de medios mecánicos e relacionados cos movementos de terras e traslado de entullos a vertedoiro autorizado, así como os relacionados co traslado de materiais arqueolóxicos ao museo.
- Deberanse manter uns sectores de reserva arqueolóxica, segundo se reflexa no plano adxunto. Non obstante, durante a intervención arqueolóxica, poderase decidir, por parte da Sección Municipal de Arqueoloxía e/ou a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, a pertinencia de deixar algúns sectores a maiores en función dos resultados acadados.

9.2. Proposta económica

A proposta económica deberase presentar por separado, aportando presupostos detallados dos procesos de intervención que se propoñen, desglosados por partidas, do seguinte xeito:

- Gastos de man de obra, incluíndo o número total de persoas que intervirán nos traballos.
- Gastos de material, indicando os máis relevantes e significativos.
- Relación de medios auxiliares e custo dos mesmos.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONXI0B9	Expediente CON/24/2013	Fecha 04-04-13 11:07

10. Proxecto técnico

Unha vez adxudicados os traballos para a escavación, restauración e estudo do xacemento, a proposta presentada deberá desenvolverse nun proxecto de actuación. Teranse en conta os seguintes aspectos:

1. Os traballos levaranse a cabo segundo o disposto no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia e de acordo coas directrices emanadas da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia e da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
2. A execución do proxecto será dirixido por un/ha arqueólogo/a, que cumpra os requisitos esixidos polo artigo 5º, e asuma os compromisos derivados do resto do articulado do Decreto 199/97, así como os derivados das lexislacións sectoriais de aplicación. O director/a da actuación deberá acreditar experiencia neste tipo de intervención arqueolóxica.
3. O/a arqueólogo/a director/a deberá presentar, para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, un proxecto de actuación arqueolóxica conforme aos requisitos do Decreto 199/97, axeitado aos fins propostos e de acordo co disposto na metodoloxía indicada nesta Memoria.
4. O proxecto arqueolóxico acompañarase do proxecto de restauración. A execución do proxecto de restauración será dirixido por un/ha restaurador/a, que cumpra os requisitos esixidos pola lexislación vixente e asuma os compromisos derivados das lexislacións sectoriais de aplicación. O director/a dos traballos de restauración deberá acreditar experiencia neste tipo de intervención.

O contido do proxecto deberá axustarse ao establecido no presente prego de prescricións técnicas e no seu caso, introducir aquelas variacións, con respecto á proposta presentada, que a Sección Municipal de Arqueoloxía e/ou a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural estimen conveniente. Entregaranse catro (4) copias do proxecto en formato impreso, acompañadas do soporte dixital necesario (DVD ou CD).

En ningún caso poderá comezar a execución dos traballos sen a previa autorización do proxecto correspondente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Entre os contidos do proxecto destacaranse os seguintes aspectos:

- Valoración patrimonial da intervención.
- Valoración científica da intervención.
- Plan global dos traballos, incluíndo unha relación do persoal preciso para levalos a cabo e maila súa cualificación profesional.
- Metodoloxía a empregar no transcurso dos traballos, expresando de xeito pormenorizado as solucións técnicas axeitadas para dar cumprimento ás condicións xenéricas fixadas neste prego.
- Medios materiais dos que se dispón con cargo ao adxudicatario.
- Tempo de execución, incluíndo un cronograma dos traballos.
- Relación nominal do equipo técnico previsto con indicación da capacitación de cada membro (mediante curriculum vitae debidamente acreditados, con copia compulsada de documentación).
- Todo os datos que contribúan á concreción do proxecto.
- Desenvolvemento dos traballos.
- Coordinación e planificación dos traballos.

11. Desenvolvemento dos traballos

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

11.1. Coordinación e planificación dos traballos

Antes do inicio dos traballos de campo, procederase á consulta da documentación existente na Sección Municipal de Arqueoloxía, relativa a outros traballos neste xacemento.

Con carácter previo ao inicio dos traballos levaranse a cabo reunións de coordinación entre o adxudicatario, a Sección Municipal de Arqueoloxía e o coordinador contratado polo Concello aos efectos da concreta fixación dos criterios a seguir e da discusión da proposta técnica entregada na proposta de actuación. Nestas reunións pormenorizaranse os aspectos relativos á representación gráfica e tratamento da información, así como os criterios a ter en conta na súa elaboración.

Da coordinación e seguimento técnico dos traballos encargarase a Sección Municipal de Arqueoloxía, así como o coordinador contratado polo Concello, que poderá interpretar, completar ou aclarar as cláusulas do presente prego e concretar o alcance dos obxectivos do mesmo.

Se durante os traballos fose preciso adoptar solucións técnicas segundo o estado de conservación que amosen as estruturas, o adxudicatario terá que presentar, para a súa aprobación pola Sección Municipal de Arqueoloxía e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural unha proposta que permita adoptar as medidas necesarias no xacemento. Este suposto, en calquera caso, non poderá ocasionar variación económica por parte do adxudicatario.

Para o correcto desenvolvemento do proxecto de acondicionamento e valorización, será necesaria a coordinación e facilitación de información xerada durante a realización dos traballos ao técnico coordinador contratado polo Concello de Santiago a estes efectos. Para elo, será necesario manter un contacto de xeito continuo utilizándose os medios necesarios e establecéndose xuntanzas periódicas ou puntuais co coordinador do proxecto e/ou coa arqueóloga municipal.

11.2. Cartel identificativo

Durante os traballos de acondicionamento e consolidación do xacemento deberase colocar un cartel identificativo dos traballos. O adxudicatario haberá de cubrir os gastos que se deriven desta sinalización. Unha vez recepcionados os traballos, o adxudicatario deberá retirar o cartel identificativo da actuación.

12. Entrega dos resultados

12.1. Documentos

O/A arqueólogo/a director/a do proxecto de actuación terá que facer entrega da seguinte documentación:

(a) Informes

Informes mensuais. Entregaranse Informes mensuais puntuais que reflictan o estado dos traballos realizados por cada mes natural, dende o inicio dos traballos, ata a finalización dos mesmos. Presentarase un avance da información resultante dos traballos, así como do grao de desenvolvemento dos mesmos, valorándose a consecución dos obxectivos sinalados referido aos prazos expresados no cronograma do proposta. O prazo de entrega de ditos informes será de 5 días naturais dende a finalización de dito mes, debéndose entregar unha (1) copia impresas e dúas (2) en formato dixital (CD, DVD).

Informes de incidencias e puntuais. De producirse algunha incidencia, sería necesaria a entrega dun Informe de incidencias que describise a causa e alcance da mesma, propoñéndose medidas oportunas para a súa corrección ou atenuación. Deberanse presentar dúas (2) copias impresas e dúas (2) en formato dixital de xeito inmediato á incidencia. Tanto os informes de incidencias, coma de tipo puntual, poderán realizarse por iniciativa do/a director/a da actuación arqueolóxica, se ben podería ser solicitado por parte da Sección Municipal de Arqueoloxía do Concello de Santiago ou ben pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

(b) Documento Síntese

Xunto co último informe, deberase presentar un breve resumo dos traballos realizados no xacemento. Os criterios para a súa elaboración serán os seguintes:

1. O texto base terá un carácter divulgativo, dirixido para un público non especialista e servirá para o seu uso nos paneis informativos, publicación e páxina web.
2. Os textos deberán ser remitidos preferentemente en formato Word e Pdf, cunha extensión aproximada entre 500 e 1.200 palabras, segundo a entidade e os resultados da actuación.
3. Incluíranse no informe as fotografías, planos ou gráficos significativos, que acompañen o texto, co seu pé correspondente e se fose o caso, con indicación da autoría. As imaxes aportaranse en formato dixital (.tif ou .jpg), cunha resolución mínima de 300 puntos por pulgada e cunha dimensión de 1.000 pixels no lado máis curto, debendo ir en ficheiros independentes, é dicir, non incluídas no texto, pero suficientemente identificadas.

(c) Memoria técnica

A Memoria técnica, entendida como o estudo e análise integral dos traballos realizados no xacemento (art. 11 .1 Decreto 199/1997), constará de:

1. Nome do xacemento e do/s autor/es da memoria, con indicación dos datos da intervención. A memoria conterá a data da súa finalización e deberá ir asinada polo/s autor/es.
2. A situación do xacemento ou conxunto, especificando o entorno xeolóxico e xeográfico, os accesos, as coordenadas xeográficas e U.T.M.
3. Resumo das intervencións anteriores.
4. As motivacións da actuación e mailos seus obxectivos.
5. O programa dos traballos realizados e a metodoloxía empregada, especificando as modificacións realizadas, no seu caso, sobre o proxecto inicial.
6. Descrición detallada do proceso de actuación coa descrición pormenorizada do conxunto de unidades estratigráficas nas que se traballou e o estudo das súas relacións.
7. A interpretación da intervención e do contexto histórico por ela debuxado.
8. O estudo do material arqueolóxico recuperado, con valoracións e interpretacións, estatísticas, inventario da totalidade dos restos recuperados, catálogo dos máis representativos, tipos de materiais segundo materias primas ou clasificacións ao uso, producións representadas, clasificación formal e figuras cos tipos característicos documentados e pezas singulares.
9. Presentaranse láminas co material máis significativo. Cada debuxo terá claramente representada a súa escala gráfica e numérica, así como a descrición das pezas representadas.
10. Toda a documentación gráfica (plantas, alzados, seccións, estratigrafías, cotas, etc) que posibiliten a lectura completa do proceso de traballo. Cada debuxo deberá ter claramente representada a súa escala gráfica e numérica, así como a descrición do motivo representado. Incluirán, ademais, cotas e levarán indicada a súa orientación. Igualmente, en todas as representacións gráficas, reflectirase o nome do xacemento, da campaña e os datos necesarios de identificación.
11. O rexistro fotográfico permitirá a comprensión do proceso de actuación e a identificación das estruturas e materiais máis significativos.
12. Os anexos cos resultados e conclusións das análises realizadas.
13. Entregaranse catro (4) copias da Memoria técnica en formato impreso, e catro (4) en soporte dixital (disco duro externo) .

(d) Acta de depósito de materiais arqueolóxicos (art.12 Decreto 199/1997)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

Os materiais arqueolóxicos depositaranse no Museo que designe a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na preceptiva resolución. Os materiais depositaranse debidamente siglados e clasificados en relación co contexto deposicional e cultural, xunto co seu inventario, así como toda a documentación textual e gráfica que permita o seu adecuado tratamento museográfico, en soporte impreso e dixital.

Aportarase acta de depósito do material arqueolóxico, estendida polo responsable legal do Museo.

12.2. Código de identificación

Nos documentos elaborados e nas súas embalaxes, deberá constar o nome do xacemento e o ano de intervención.

12.3 Número de exemplares

Entregaranse catro (4) copias do Proxecto en formato impreso, acompañadas do soporte dixital necesario (DVD ou CD).

Entregaranse unha (1) copia impresa e dúas (2) en formato dixital (CD, DVD) dos Informes mensuais.

Deberanse presentar dúas (2) copias impresas e dúas (2) en formato dixital dos Informes de incidencias e/ou puntuais.

Deberanse presentar dúas (2) copias impresas e dúas (2) en formato dixital do Documento de síntese.

Entregaranse catro (4) copias da Memoria técnica en formato impreso, e catro (4) en soporte dixital (disco duro externo) .

12.4. Estándares de formato

(a) Formato

O conxunto da documentación entregarase encarpelado en formato DIN-A4. Os distintos volumes gardaranse nunha ou varias caixas, cunha sección máxima de 34x27 cm, de estrutura rixida e con tapa frontal abatible. Todos os tomos e caixas rotularanse conforme aos criterios que establece o presente prego.

(b) Textos

Os textos escritos (Informes, Síntese e Memoria) presentaranse en formato DIN-A4, numerados, ordenados e encadernados. No caso de seren precisos varios tomos, rotularanse os títulos correspondentes no exterior e todos eles incluíranse co resto da documentación nunha única carpeta ou caixón. Ademais, a documentación presentarse en soporte informático, gravada en disco duro externo, DVD ou CD.

(c) Planos

A documentación planimétrica elaborase nunha escala que permita a súa axeitada valoración e comprensión. Os planos presentaranse dobrados en formato DIN-A4, embolsados en fundas plásticas encadernadas, de ser preciso, nun tomo específico.

A documentación planimétrica presentarse tamén en soporte informático, formato DWG, en dúas dimensións, sendo as unidades de debuxo o metro con dous decimais. Cada ficheiro DWG conterá un único plano.

(d) Fotografías

En relación á documentación fotográfica dixital teranse en conta os seguintes criterios:

- As fotografías impresas na documentación a entregar polo adxudicatario (proxecto, informes, síntese, memoria, cartelería, así coma calquera outra documentación xerada no marco da presente adxudicación), terán un tamaño suficiente para poder apreciar axeitadamente o seu contido. Para elo terán, como mínimo, unha resolución de 200 ppp e 800 píxeles no seu lado máis longo.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

- Entregarase en soporte de disco externo, DVD ou CD, a totalidade das imaxes obtidas durante o proceso de traballo en formato JPEG e/ou TIFF, incluíndo un documento índice das fotografías. Estas imaxes agruparanse en dous niveis diferentes:
 - As imaxes que recollan procesos de traballo entregaranse cunha resolución de 300 ppp e 1800 píxeles no seu lado máis longo.
 - As imaxes especialmente significativas para unha axeitada valoración da actuación entregaranse cunha resolución de 300 ppp e 5500 píxeles no seu lado máis longo.

(e) Rotulación

Nos títulos, portadas e carátulas dos distintos tomos, carpetas, documentos e planos que conformen a documentación impresa, figurarán polo menos os seguintes datos:

Título do proxecto: Actuación de escavación, restauración e estudo do castelo de A Rocha Forte. Santiago de Compostela.

Ano: 2013.

Promotor: Concello de Santiago de Compostela.

Autor:

13. Orzamento e estudo económico

A partida xerada polo ingreso realizado polo Ministerio de Cultura en base á resolución de 26 de outubro de 2012, pola que se concede a subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela, que se xunta ao presente prego. As aplicacións orzamentarias son as seguintes:

GASTOS:

130-33601-64000/2013 Acondicionamento e Valoración do Castelo de A Rocha Forte
1.000.000,00 €

INGRESOS:

72001 Transferencias de Capital do Estado
Ministerio de Educación, Cultura e Deporte
1.000.000,00 €

Proxecto: 2013-2-ROCHA-13-1

Os traballos obxecto da presente contratación están incluídos no capítulo 2. "estudo, escavación e restauración do xacemento" do programa aprobado polo Ministerio:

Escavación arqueolóxica, restauración e estudo do xacemento: 678.863,00 € IVE engadido.

14. Prazo de execución

Estímase como data de inicio dos traballos de campo, a segunda semana de xullo de 2013. O prazo de execución máximo da totalidade dos traballos do contrato será ata o 30 de novembro de 2013, de acordo ca seguinte calendario de entregas:

Proxecto arqueolóxico: Deberá presentarse nun prazo máximo de 10 días.

Traballo de campo: Os traballos iniciaránse inmediatamente despois da preceptiva autorización do proxecto arqueolóxico por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. O remate das actuacións de campo non poderá exceder a data de 31 de outubro de 2013. De xeito sincrónico aos traballos de campo, deberánse realizar os traballos de laboratorio e gabinete, relacionados co procesado da documentación xerada e materiais recollidos, coa fin de poder efectuar a entrega da Memoria técnica nos prazos fixados, non podendo exceder a data de 30 de novembro de 2013.

Entrega dos Informes: Entregaranse Informes mensuais puntuais que reflectan o estado dos traballos realizados por cada mes natural, dende o inicio dos traballos, ata a finalización dos mesmos. Presentarase un avance da información resultante dos traballos, así como do grao de desenvolvemento dos mesmos, valorándose a consecución dos obxectivos sinalados referido aos

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI0B9	<i>Expediente</i> CON/24/2013	<i>Fecha</i> 04-04-13 11:07

prazos expresados no cronograma do proposta. O prazo de entrega de ditos informes será de 5 días naturais dende a finalización de dito mes.

De producirse algunha incidencia, sería necesaria a entrega dun Informe de incidencias que describise a causa e alcance da mesma, propoñéndose medidas oportunas para a súa corrección ou atenuación. Tanto os informes de incidencias, coma de tipo puntual, poderán realizarse por iniciativa do/a director/a da actuación arqueolóxica, se ben podería ser solicitado por parte da Sección Municipal de Arqueoloxía do Concello de Santiago ou ben pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Con data límite de 30 de novembro de 2013, entregarase a Memoria técnica final que deberá ir acompañada de toda a documentación requirida neste prego, así coma a acta de depósito de materiais.

Os referidos prazos comezarán a contar a partir do día seguinte ao da sinatura do contrato.


Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013.

A ARQUEÓLOGA MUNICIPAL,



Asdo.: Dolores Cerqueiro Landín

Documento	Expediente	Fecha
CONXI0B9	CON/24/2013	04-04-13 11:07



Levantamento topográfico campaña 2006

**PLANO DE ÁREA DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA E RESTAURACIÓN A DESENVOLVER EN 2013
 E ZONAS DE RESERVA DO CASTELO DE A ROCHA FORTE (SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA)**